



## PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	MÚSICA	CURSO	4º ESO
CURSO ACADÉMICO	2022-2023	PROFESOR	DANIEL COSTA FERREIRO

## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemente e a danza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.</li> <li>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.</li> <li>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>

## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.3. Amona interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.1. Amona unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>

### CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>



## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</li> </ul>

## CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación son os establecidos no DOGA:

B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos

B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc

B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos

B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais

B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas

B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc

▪ B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.

▪ B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.

B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.

B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conserva-la e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.

B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.

B3.3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.

B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual

B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.

B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos

B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.

B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía

O sistema de avaliación queda coa seguinte disposición:

### **Conceptos (suma 20%)**

1 punto cuestionario (test de avaliación)

3 test 1 avaliación

3 test 2 avaliación

1 exposición traballo cooperativo

1 punto cuestionarios dos temas

### **Procedementos (suma 60%)**

#### **Tarefas (suma 2 puntos)**

Tarefas propias de cada tema: esquemas, presentacións, traballos de investigación, fichas, expresión corporal e canto coral. Os indicadores son os que seguen:

Esquemas: organización, síntese, presentación, entrega (rúbrica)

Presentación: contido, organización e creatividade (rúbrica)

Canto coral: entoación, respiración, matices, proactividade, actitude (rúbrica)

Expresión corporal: execución, sentido rítmico, proactividade, actitude (rúbrica)

#### **Frauta (suma 1,5 puntos) (rúbrica)**

Valórase tendo en conta os indicadores presentados en aula virtual. Os indicadores son:

Son e dixitación, afinación e respiración, Interpretación, proactividade e actitude



### **Lectura rítmica (suma 1,5 puntos) Rúbrica**

Valórase tendo en conta os indicadores presentados en aula virtual. Os indicadores son Sincronización, Lectura, proactividade e actitude

### **Audición (suma 1 punto)**

Neste apartado valóranse 3 puntos principais mediante cuestionario en aula virtual

Identificación instrumentos ou voces

Identificación agrupacións

Identificación estilo ou época

Ao longo do curso estes apartados poden ser incrementados con novas variables.

### **ACTITUDES E ASISTENCIA (suma 20%)**

#### **Actitudes (75%) Rúbrica de control (semanal ou diaria)**

a/ Trae o material

b/ Postura corporal en clase

c/ Proactividade

d/ Puntualidade

e/ Conduta

Para avaliar este apartado, como se apunta máis arriba elabórase unha rúbrica na que se combinan os distintos elementos citados en este apartado. Tamén se contemplan na mesma as sancións por condutas contrarias á convivencia en aula.

O alumnado no inicio de curso parte con 2 puntos. En función das incidencias durante o desenvolvemento das sesións esta puntuación inicial pode quedar intacta ou ir diminuindo.

#### **Sancións**

##### **Apercibimentos:**

- 1 apercibimento supón un 0 en actitudes na sesión.

- 3 ou máis apercibimentos supoñen 0 en actitudes na avaliación.

##### **Chamadas de atención**

- As chamadas de atención implican restar mínimo 2 puntos da rúbrica de actitudes na sesión.

- Se se supera o 30% das sesións con chamadas de atención supón 0 en actitudes na avaliación.

##### **Uso de gadgets en aula**

- O uso de dispositivos electrónicos como teléfonos móbiles, MP3, tablets ou similares **está permitido en aula para realizar tarefas educativas cando o indique o profesor** no caso de que non fora posible o uso das aulas de informática do centro. Fora desta situacións estes dispositivos están prohibidos en aula (normas do regulamento interno do centro) e supón automaticamente 0 en actitudes na sesión.

- A reiteración do uso de dispositivos electrónicos (uso de forma reiterada), supón un 0 en actitudes na avaliación.

#### **Asistencia (25%) (Complemento aula virtual)**

En canto a asistencia valóranse os seguintes supostos:

Asiste(A)=10, Puntualidade Xustificada(PX)=7,5, Puntualidade Non Xustificada(PNX)=5, Falta Xustificada(NA)7,5, Falta Non Xustificada(NX)=0 . Se supera o 30 % das sesións da avaliación o alumnado perde a puntuación do apartado Asistencia (0,5 puntos) no apartado actitudes

### **AVALIACIÓN.SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN**

A avaliación da materia de música considérase un **proceso sustentado na avaliación continua**. Con todo, o cálculo da nota final **a norma xeral vai ser a media aritmética das tres avaliacións**. A nota final da avaliación ordinaria non debe ser inferior á nota da terceira avaliación. Para o caso de unha progresión ascendente nas cualificacións do alumnado queda fixada como nota final ordinaria a nota da terceira avaliación atendendo ao principio de avaliación continua. En caso contrario a nota resulta da media aritmética das tres avaliacións. Para facer media coas avaliacións, **é necesario ter en cada unha delas unha cualificación mínima de 3**.

**Recuperacións**

No caso de ser necesarias, serán fixadas preferentemente antes da propia avaliación. Principalmente as recuperacións estarán orientadas ao bloque teórico e o bloque de tarefas. O resto de bloques, de carácter máis práctico, con un proceso de aprendizaxe máis lento, están sustentados na avaliación continua, como un proceso de longo alcance.

**SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

O sistema de cualificación, unha vez fixados os criterios que se empregaran para o proceso avaliador o departamento de música fixa os porcentaxes sobre os diferentes apartados na forma que segue:

Apartado Conceptual: 20 %

Apartado Procedementos: 60 %

Apartado Actitudinal: 20 %

**Redondeo**

O redondeo faise da seguinte forma: se a nota é superior a 0,5 o redondeo faise cara arriba ao número enteiro seguinte. Para superar a materia o alumno ten que obter unha nota de 4,5 ou superior.

**Avaliación extraordinaria**

A avaliación extraordinaria será unha proba de entre 12 e 20 cuestións (dependendo do caso) que abarcan todos os contidos mínimos da programación. Se o alumno tivera que facer proba teórica e práctica a cualificación repártese da seguinte forma: 60% proba teórica, 40% proba práctica. Se só fora necesaria a proba teórica, esta ten valor de 100%.

**Pendientes**

A avaliación de pendientes pódese consultar na páxina do centro.

**PROMOCIÓN**

Os criterios de promoción son os establecidos no centro.

---

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.